



**Árbore
Conmemorativa**

A esta especie, plantada no ano 2003, foille dada a súa curiosa forma tomando por inspiración a popular "Coroa de Cristo" que tamén se atopa neste xardín.



MARMELEIRO XAPONÉS "COROA DE EPIÑAS"

Chaenomeles speciosa

SABÍAS QUE...? Os seus froitos teñen aplicacións medicinais.

Da familia das Rosáceas. Pertence a un xénero de arbustos caducos, xeralmente, espiñentos, de floración primaveral; son moi valorados na xardinaría polo alto valor ornamental das súas flores e os seus froitos aromáticos, producidos no outono. Nativos de China, Corea e Xapón. Están emparentados cos Marmeleiros comestibles, *Cydonia*, con froitos parecidos en tamaño e firmeza.

Nome común: Membrillo de flor, Membrillero japonés o Zarzal ardiente (cast.); Marmeleiro xaponés (gal.); flowering quince, Chinese quince, or Japanese quince (ing.).

Etimoloxía:

- *Chaenomeles*: procede do grego "khainein" (abrirse) e "melon" (froito), ou sexa "froito que se abre"
- *speciosa*: o epíteto específico procede do latín *speciosus-a-um* = belo, fermoso, polo seu aspecto cando está en floración

Descrición da especie: É un arbusto caducifolio, que alcanza un tamaño de 2 m de altura e ten talos erectos e espiñentos. É caducifolio. Poliñas pardo-purpúreas, glabras, con lenticelas de tons marróns; e brotes marróns púrpura, triangular-ovoides, glabros ou pubescentes, o ápice obtuso. As follas son alternas, simples e elípticas. As flores son actinomorfas e bisexuais, pentapétalas e dispostas en ramalletes, de cor rosada (hai algúns cultivares brancos) e aparecen a finais do inverno. De cor branca, vermello ou rosa. Florece nas últimas semanas do inverno e/ou comezos da primavera. O froito é carnoso e globoso, con agradable fragancia, de cor amarela verdoso.

